



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

Descrición Decreto.: EXPTE: 2026/E001/000002

DON XOÁN XESÚS CARRIL RAMOS, ALCALDE DO CONCELLO DE ARZÚA (A CORUÑA)

Por decreto da alcaldía n.º 301/2026 data 29/04/2026 aprobáronse as seguintes bases: BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, A XORNADA COMPLETA, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN, DE UN/UNHA COORDINADOR/A , PARA REALIZACIÓN DE TAREFAS DE PROTECCIÓN E MANTEMENTO MEDIOAMBIENTAL, NA MODALIDADE DE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA DE INTERESE SOCIAL.

Ditas bases foron **publicadas** no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Arzúa o **día 30/04/2026**

Segundo base 7 das citadas bases :

O Concello presentará unha oferta de emprego, nos modelos normalizados para iso, facendo referencia aos requisitos que deben reunir os traballadores/as a contratar conforme ao establecido na base 6 en tres días hábiles despois da publicación de anuncio das bases na sede electrónica municipal .(para inscrición en inem de aqueles/as interesados/as na participación no proceso selectivo), e, en todo caso cunha antelación mínima de 15 días hábiles a data prevista para realizar a correspondente contratación.

Unha vez recibida a oferta, os servizos de emprego realizarán unha sondaxe de demandantes de emprego en función das características dela atendendo á maior adecuación ao posto de traballo ofertado, proporcionando, de ser posible, o número de candidatos/as por posto de traballo que solicite a entidade beneficiaria, que en ningún caso poderá ser inferior a dous nin superior a dez. A remisión de novos candidatos só procederá cando o concello xustifique documentalmente a súa necesidade por incumprimento dos requisitos da oferta ou por rexeitamento voluntario ou incomparecencia dos remitidos.

O día 07/05/2026, a oficina de emprego de Melide remitiu o Concello de Arzúa , a seguinte relación de candidatos:

1-MARIA DE LOS ANGELES CORRAL VILELA.

En uso das facultades outorgadas polo artigo 21 da Lei 7/1985 Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Aperturar o prazo de presentación de instancias será de **tres días hábiles** a contar dende o seguinte ao da publicación deste decreto na sede electrónica municipal, conforme as **bases publicadas** no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Arzúa o **día 30/04/2026**

SEGUNDO.- Publicar este decreto no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe

En Arzúa, asinado dixitalmente data e hora que figura ao marxe

O alcalde

Asdo.- XOÁN XESÚS CARRIL RAMOS

Dou fe,o secretario

Asdo.- ALFONSO MANUEL ALCALÁ PEREZ